

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Central Sindical Indepediente y de Funcionarios (CSI-F Galicia) para a realización dun programa de actuacións en materia de normalización lingüística.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística ten previsto formalizar coa Central Sindical Indepediente y de Funcionarios (CSI-F) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura ata o 30 de novembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto fixar as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Central Sindical Indepediente y de Funcionarios (CSI-F) para incidir positivamente no uso progresivo da lingua galega no ámbito de actuación deste sindicato e nos diversos colectivos laborais e sectores profesionais de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que ambas as dúas entidades son conscientes da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se recoñece que o galego é a lingua propia de Galicia, que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega e que adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón da lingua.

Que ambas as partes son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na implantación do Plan xeral de normalización da lingua galega, que



aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de conseguir estender o uso do galego a todos os niveis da sociedade. Que así mesmo, as partes convenientes queren colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 4 de agosto de 2016, no que se recollen unha serie de medidas encamiñadas a lograr a participación activa dos axentes sociais no proceso normalizador da lingua galega, tarefa na que deben colaborar todas as institucións e entidades galegas, públicas e privadas, entre elas os sindicatos.

Que, de acordo co citado marco legal, lle corresponde ao Goberno galego garantir o uso efectivo deste dereito e arbitrar as medidas necesarias para promover a implantación progresiva da lingua galega, de maneira que a cidadanía en todos os ámbitos sociais coñeza en igual medida o galego ca o castelán, responsabilidade na que tamén deben de colaborar todas as institucións e entidades galegas entre as que figuran os sindicatos con implantación en Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a sinatura dun convenio, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria.

